A Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela, na sesión extraordinaria - urxente que tivo lugar o día 20 de xuño de 2017 adoptou o seguinte acordo:

**NÚMERO 2 .- PROPOSTA DO CONCELLEIRO DELEGADO DE EDUCACIÓN E CIDADANÍA RELATIVA Á ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE "SERVIZO DE XESTIÓN E DESENVOLVEMENTO DAS "ESCOLAS MUNICIPAIS DE VERÁN 2017": PROGRAMA MUNICIPAL DE CONCILIACIÓN DO DEPARTAMENTO DE EDUCACIÓN E CIDADANÍA DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA" E APROBACIÓN DOS PREZOS PÚBLICOS.**

Dáse conta á Xunta de Goberno da Cidade de Santiago de Compostela da proposta, de data 16 de xuño de 2017, do concelleiro delegado de Educación e Cidadanía. Así mesmo, do informe de Intervención, número 2017/450 de data 20.6.17, favorable ao expediente de adxudicación e de disconformidade en relación aos correspondentes prezos públicos.

A dita proposta é do seguinte teor literal:

"**Manuel Dios Diz,** concelleiro delegado de educación e cidadanía, e presidente da mesa de contratación da licitación "*Servizo de xestión e desenvolvemento das "Escolas municipais de verán 2017": programa municipal de conciliación do Departamento de Educación e Cidadanía do Concello de Santiago de Compostela*", conforme os termos establecidos no artigo 320 do Texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado por RD Lexislativo 3/2011 de 14 de novembro, en relación co art. 22 do RD 817/2009 de 8 de maio, e en virtude das competencias delegadas por decreto de Alcaldía do 16/06/2015,

**EXPÓN:**

Primeiro: Con data 13 de xuño de 2017 celébrase a mesa de contratación na que se acorda que a oferta máis vantaxosa das presentadas é a do licitador ACTIVIDADES LUDICAS DE GALICIA SL.

Segundo: Con data 16 de xuño celébrase a mesa de contratación na que se procede ao análise da documentación aportada polo licitador proposto, considerando os membros da mesma que queda suficientemente acreditado o cumprimento dos distintos requirimentos.

En consecuencia, e conforme ao acordado nas correspondentes reunións da mesa de contratación, esta concellería procede a realizar a seguinte:

**PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO**

Primeiro: Adxudicar o contrato de referencia a favor da empresa **ACTIVIDADES LUDICAS DE GALICIA SL** (CIF: B27791086), que oferta prestar o servizo de acordo cos seguintes prezos:

Prezos unitarios por quenda/día (IVE engadido)

| | **Oferta empresa** |
| --- | --- |
| Obradoiros e actividades | 8,00 € |
| Comedor | 5,50 € |
| Madrugadores | 2,50 € |

Prezos unitarios por quenda/día solto (IVE engadido)

| | **Oferta empresa** |
| --- | --- |
| Obradoiros e actividades | 9,00 € |
| Comedor | 6,00 € |
| Madrugadores | 3,00 € |



CONCELLO DE SANTIAGO * Praza do Obradoiro s/n * 15705 * Santiago de Compostela * Tel. 981 542 300 * www.santiagodecompostela.org

e ata un importe máximo de **58.439,05 euros** (IVE aparte 21%: 12.272,20 euros), ó ser a súa oferta a única presentada e cumprir os requerimentos dos pregos de aplicación.

Desígnase como responsable do contrato a D. Xosé Manuel Rodríguez Abella, xefe do departamento de educación.

O gasto financiarase con cargo á aplicación orzamentaria **080 32600 22699**.

Segundo: Aprobar os prezos públicos do Concello de Santiago de Compostela para as "Escolas de Verán 2017. Programa Municipal de conciliación do Departamento de Educacion e Cidadanía" en base á oferta realizada pola empresa, que serían os seguintes:

Prezos unitarios por quenda/día (IVE engadido)

| | **Oferta empresa** |
|---|---|
| Obradoiros e actividades | 8,00 € |
| Comedor | 5,50 € |
| Madrugadores | 2,50 € |

Prezos unitarios por quenda/día solto (IVE engadido)

| | **Oferta empresa** |
|---|---|
| Obradoiros e actividades | 9,00 € |
| Comedor | 6,00 € |
| Madrugadores | 3,00 € |

De acordo co prego de prescricións técnicas que rexe esta licitación, haberá un desconto do 20% para quen acredite ser familia monoparental, numerosa, nenos/as con discapacidade e cando

participen dous irmáns no programa. O desconto aplicarase a todos os solicitantes que cumpran ese requisito; é dicir, se participan dous ou máis irmáns nesta oferta o desconto farase a todos os irmáns.

Así mesmo, contémplase un desconto do 50% ou do 100% para aquelas familias con escasos recursos; estes casos deberán contar obrigatoriamente con Informe previo do Departamento municipal de Servizos Sociais que ditaminará a porcentaxe do desconto (o 50 ou o 100%). O desconto correspondente aplicaráselle a cada solicitante, mesmo se son da mesma unidade familiar.

Os descontos non son acumulables."

**Informados/as os/as concelleiros/as, a Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela acorda por unanimidade dos seus membros presentes:**

**Primeiro:** Adxudicar o contrato de **"Servizo de xestión e desenvolvemento das "Escolas municipais de verán 2017": programa municipal de conciliación do Departamento de Educación e Cidadanía do Concello de Santiago de Compostela"** a favor da empresa **ACTIVIDADES LUDICAS DE GALICIA SL** (CIF: B27791086), que oferta prestar o servizo de acordo cos seguintes prezos:

Prezos unitarios por quenda/día (IVE engadido)

| | **Oferta empresa** |
|---|---|
| Obradoiros e actividades | 8,00 € |
| Comedor | 5,50 € |
| Madrugadores | 2,50 € |

Prezos unitarios por quenda/día solto (IVE engadido)

| | Oferta empresa |
|---|---|
| Obradoiros e actividades | 9,00 € |
| Comedor | 6,00 € |
| Madrugadores | 3,00 € |

e ata un importe máximo de **58.439,05 euros** (IVE aparte 21%: 12.272,20 euros), ao ser a súa oferta a única presentada e cumprir os requerimentos dos pregos de aplicación.

Desígnase como responsable do contrato a D. Xosé Manuel Rodríguez Abella, xefe do departamento de educación.

O gasto financiarase con cargo á aplicación orzamentaria **080 32600 22699**.

**Segundo:** Aprobar os prezos públicos do Concello de Santiago de Compostela para as "Escolas de Verán 2017. Programa Municipal de conciliación do Departamento de Educacion e Cidadanía" en base á oferta realizada pola empresa, que serían os seguintes:

Prezos unitarios por quenda/día (IVE engadido)

| | Oferta empresa |
|---|---|
| Obradoiros e actividades | 8,00 € |
| Comedor | 5,50 € |

| | |
|---|---|
| Madrugadores | 2,50 € |

Prezos unitarios por quenda/día solto (IVE engadido)

| | Oferta empresa |
|---|---|
| Obradoiros e actividades | 9,00 € |
| Comedor | 6,00 € |
| Madrugadores | 3,00 € |

De acordo co prego de prescricións técnicas que rexe esta licitación, haberá un desconto do 20% para quen acredite ser familia monoparental, numerosa, nenos/as con discapacidade e cando participen dous irmáns no programa. O desconto aplicarase a todos os solicitantes que cumpran ese requisito; é dicir, se participan dous ou máis irmáns nesta oferta o desconto farase a todos os irmáns.

Así mesmo, contémplase un desconto do 50% ou do 100% para aquelas familias con escasos recursos; estes casos deberán contar obrigatoriamente con Informe previo do Departamento municipal de Servizos Sociais que ditaminará a porcentaxe do desconto (o 50 ou o 100%). O desconto correspondente aplicaráselle a cada solicitante, mesmo se son da mesma unidade familiar.

Os descontos non son acumulables.

O CONCELLEIRO SECRETARIO DA XUNTA DE GOBERNO DA CIDADE DE SANTIAGO

SECRETARIA
CONCELLO DE SANTIAGO

Asdo:Xan Xesús Duro Fernández